

As minorías e a súa articulación territorial en China

Natalia Gómez Collado

Desde o exterior, a imaxe que tradicionalmente se observa da China é a dunha civilización milenaria e monolítica, onde unha ampla maioría da etnia Han convive con reducidos e exóticos grupos étnicos nas áreas limítrofes ou do interior do país. Non obstante, se somos capaces de inserírmonos na riqueza cromática que engloba a imaxe, poderemos observar como o rostro do gran “xigante asiático” abarca toda unha serie de grupos cultural e etnicamente diferentes, cunha autonomía que mudou conforme aos avatares históricos.

Nas últimas décadas, o crecente fenómeno da globalización veu acompañado da man doutro movemento que, polo contrario, se dirixe cara a unha dirección diametralmente oposta: a localización. O que, evidentemente, provocou que en moitos países o camiño non teña podido ser percorrido dun xeito conxunto, e a separación se teña cuberto coas roupaxes da belicosidade.

As repúblicas ex soviéticas de Asia Central, a raíz da caída do réxime comunista; a desmembración na antiga Iugoslavia e o “*efecto Cosova*”, o caso de Chechenia, a cuestión do País Basco, por non mencionar todos os movementos de carácter étnico-nacionalista nos continentes de África e América Latina, son exemplos que, non moi lonxe das súas fronteiras, transmiten o temor de que acontecementos similares poidan precipitárense na China.

No entanto, a dimensión deste problema no “xigante asiático” adquire unhas proporcións semellantes ao seu tamaño. Estamos falando dun país con 1.302.307 millóns de habitantes onde, conforme ao quinto censo nacional do ano 2000, existen 55 minorías étnicas que representan o 8,41 por cento do total da poboación (104,49 millóns de persoas), pertencendo o resto á etnia Han. Trátase, polo tanto, dunhas minorías cun volume de persoas que é moi superior ao que posúen outros moitos países.

Un ex presidente norteamericano comentou, en certa ocasión, que era preciso coñecer a “*mente dos chinos*”, unha aspiración tan quimérica como esperar definir cunhas palabras o conxunto do continente europeo. E é que, incluso, a pretendida maioría Han que é presentada como un grupo homoxéneo e unificado, realmente é unha amalgama de subgrupos cunha marcada diversidade, tanto lingüística como cultural. De feito, lingüistas como Y.R. Chao, demostraron que a inintelixibilidade de linguas como o *cantonés* ou o *mandarín* é tan grande como puidera ser entre o alemán e o inglés, ou o francés e o italiano (Chao, 1976).

No caso chinés, a globalización non só provocou o rexurdimento dun fenómeno da localización e as aspiracións autonomistas dalgunhas das 55 minorías nacionais

(*shaoshu minzu*) senón que, ao mesmo tempo, promove un nacionalismo de carácter irredentista baseado nunha maioría Han que, como temos comprobado, é máis unha construción ficticia que real.

Algunhas voces auguraron, a principios da década pasada, que en cincuenta anos xurdirían cincuenta novos Estados. Estas predicións comezaron a cobrar forma en 1991 na Unión Soviética, continuando pouco despois no mesmo continente europeo, África e Asia. As previsións concluirán coa unidade imposta durante séculos no “*País do Centro*” chino? Como lidarán as autoridades ante os desafíos pasados que ameazan a integridade futura? Falaremos dunha convivencia pacífica desexada por todos ou dunha imposición do statu quo vixente como fonte de lexitimidade do Partido (PCCh)? Foi a desintegración da Unión Soviética o preámbulo para o “*xigante asiático*”? Construción dunha identidade china ou demolición de todo un Imperio?

Son, sen dúbida, moitas as cuestións, e outras tantas as respostas que nos axudarán a comprender a complexidade do fenómeno. Un fenómeno con características similares en partes do mundo tan dispares como América Latina, África ou incluso na España, que poderían ver no caso chino un modelo de actuación ou ben, un exemplo a evitar.

Globalización versus Localización

O soño dunha sociedade comunista onde finalmente as diferenzas étnicas e raciais se difuminarían e disolverían, xa apenas é inimaxinábel no reino das quimeras. O etnocentrismo chino non puido repeler a vaga da globalización que, como se dun *tsunami* se tratase, foi capaz de remover, en moitas outras partes do planeta, as liñas marcadas da identidade nacional e cultural.

A China non é allea a isto. Foi dos derradeiros convidados á integración mundial: en termos políticos, económicos (ingreso na OMC, 2001) ou ben culturais e deportivos (Xogos Olímpicos, 2008; Exposición Universal, 2010) mais, unha vez dentro, dificilmente poderá escapar e desprezar as reclamacións daqueles pobos que, ameazados por un entorno multiétnico (*duo minzu*) e impersoal, se aferran ás súas propias peculiaridades culturais. O prezo da modernización?

Son moitos os autores que falan dos “*efectos destrutivos*” da globalización, mais nós preferimos evitar as connotacións negativas deste termo e falar máis de “*efectos reconstrutivos*”, por canto constitúe unha mudanza na orde anteriormente establecida que, no entanto, non ten por que ser necesariamente perversa. É importante, polo tanto, tratar de evitar esaxeracións de carácter holocaustico. O que si está claro é que o fenómeno da globalización é sumamente controvertido na súa esencia, posto que a multiplicidade de relacións e interconexións que transcenden aos Estados-nación, é percibida como unha ameaza que trata de eliminar as particularidades culturais de cada pobo.

Por ese motivo, ao falar da globalización, non podemos unicamente referirmonos ao efecto-obxectivo que, nun nivel superior, persegue a transnacionalización das relacións políticas, económicas, culturais, persoais... entre os diferentes países; senón tamén ao efecto colateral que xa nun nivel inferior provoca entre todos aqueles que temen ser desprovistos da súa identidade étnica. Neste sentido, poderíamos afirmar que a globalización, na actualidade, tende a explotar a diferenciación local. Actúa como acicate para a defensa e fortalecemento da conciencia identitaria dos pobos.

Non obstante, autores como Stuart Hall (1992: 304) superan esta dicotomía existente entre o “*global*” e o “*local*” a través da adopción dun novo concepto: a “*Glocalización*”. Un termo que viría conxugar, dun xeito simultáneo, unha nova identidade global e unha nova identidade local. En definitiva, unha articulación diversa das relacións que permita o progreso común.

No caso chino, esta conxugación resulta, caso de ser posible, moito máis complexa, posto que ao fenómeno da localización que describíamos nun nivel inferior, debemos engadir unha sorte de nacionalismo irredentista artellado sobre a base da maioría Han. Un nacionalismo que, nun nivel intermedio, trata de repeler a forza unificadora da globalización, ao tempo que evitar que o fortalecemento da conciencia das minorías étnicas, poida chegar a desafiar nun futuro a soberanía e integridade territorial. Entón, como harmonizar 55 grupos minoritarios, unha ampla maioría tamén heteroxénea, e a integración cada vez maior da China no escenario mundial? Cal é a base deste nacionalismo chino?

Nacionalismo irredentista Han

O fenómeno da modernización e globalización, como temos comprobado, e a pesar das particularidades de cada caso, ten un importante efecto sobre o poder do Estado-nación e o concepto de soberanía, corazón teórico-normativo do tratado de Westfalia (1648). Algúns autores como Scholte afirmaron, incluso, que este corpo de principios non poderá seguir operativo durante moito tempo nun mundo globalizado (Scholte 1997: 21).

Tal posibilidade non é nin remotamente admisible en países como a China, onde o exercicio da soberanía e o control do que considera os seus límites xeográficos, incluídas as áreas do Tíbet, Xinjiang e Taiwán, conforman a base prístina da lealdade ao Partido (PCCh). De feito, e xunto ao crecemento económico, a integridade territorial e a defensa do orgullo nacional, constitúen as actuais fontes de lexitimidade na China. Mais, de que tipo de Nación estamos falando?

Moitos investigadores defenden que, a pesar de que é o “*nacionalismo o que enxendra as nacións, e non á inversa*” (Gellner 1983: 55), no caso chino non existiu unha auténtica “nación” cun pobo que estivera cohesionado por un sentimento nacionalista, baseado na lealdade sobre o Estado e/ou a etnicidade, e similar ao que transformou en Estados-nación á maior parte dos actuais países europeos. A historia do

concepto de nación na China, no seu sentido moderno, é relativamente recente, xa que data de comezos do século XX e, de feito, non existe ningún termo específico para referirse á “nación” como concepto diferente ao de “Estado” (*guo*). ¿Quere dicir, isto, que na China encontrámonos ante un “*Estado sen nación*”? ¿Ante unha formación estatal que actúa en nome dunha nación desdebuxada que o propio Estado trata de perfilar? Ou, como afirma John Fitzgerald, ¿“*a nación na China é un desiderátum da construción do Estado*”? (Fitzgerald 1999: 98).

O primeiro documento publicado pola República Popular da China (RPC) que trata esta cuestión, “*History of the Chinese People*” (*zhongguo minzu shi*), responde a algunhas destas cuestións: “*Nación e Estado formáronse ao mesmo tempo, co Estado como premisa lóxica para a existencia e o desenvolvemento da nación*” (Jiang 1990: 102). Algo que tamén confirman autores como Prasenjit Duara. Admitindo isto, poderíase colixir que a continuidade do Estado na China procedería da súa identificación coa nación, e no seu nome se supón que actuaría o primeiro.

En definitiva:

“Nación e Estado están estrañamente relacionados. A relación entre os dous é de mutua penetración e inclusión. Nós, polo tanto, debemos unírmonos no amor á nación e ao Estado, opóndonos ao separatismo, e xuntos construír a grande familia desta grande nación china. Só deste modo, as súas xentes terán un futuro” (Peng 1993: 29).

No entanto, desde o momento en que a nación é considerada un suxeito que, en último termo, transcende todas as diferenzas, inapelabelmente debe posuír unha “*historia única*” que poida evolucionar cara un ideal de unión e transcendencia. O concepto de nación require, pois, e pese a ser unha construción recente, dun modelo evolucionista que confirme a súa continuidade no tempo e, consecuentemente, a perduración do Estado. E este modelo, sen dúbida, proporciónao o sentimento estendido entre o pobo común chino de que o seu país é o resultado de máis de cinco mil anos de historia e civilización. Deberíamos falar, entón, dunha civilización particular que se presenta como un Estado-nación e, consecuentemente, como fonte de cohesión social.

É moi frecuente que os chinos se vanglorien do seu pasado milenario e antiqüidade histórica como unha demostración irrefutábel da súa continuidade como unidade nacional. Desde que no ano 221 a.C., Qin Shihuang instaurou o primeiro Imperio, desartellando así o “*feudalismo chino*” que durante o período dos Reinos Combatentes (463-221 a.C.) tiña confirmado a súa absoluta decadencia, a unidade foi considerada, desde a perspectiva histórica dos “*ciclos dinásticos*”, a regra e, polo tanto, o destino da China. Menosprezando, até cualificando como “anos bárbaros”, os períodos de desunión. Non obstante, é preciso advertir como, en realidade, e tendo en conta os períodos de interregno, esta pretendida unidade non supera máis que en cincocentos noventa e catro, os anos de división. De feito, a China actual é tres veces maior que a que atopamos durante a última dinastía china, a Ming (1368-1644). E, ironicamente, o territorio defendido pola RPC foi establecido após a conquista de dinastías foráneas, primeiro os Mongois e, finalmente, os Manchús.

En calquera caso, é diafanamente perceptible a pretensión na China de que a nación existiu historicamente como suxeito cohesionado e unificado que perseguía a súa autoconciencia e desenvolvemento futuro. É precisamente esta conciencia a capaz de reforzar e salientar a unidade nacional como obxectivo sagrado do Estado. E resulta imprescindible ter presente estas bases, se aspiramos a chegar a comprender a ameaza que representa o fenómeno da globalización e o crecente fortalecemento das minorías nacionais desde a perspectiva da unidade e integridade do país.

Por unha parte, resulta sinxelo comprender que o fenómeno da globalización sexa vixiado como un axente desestabilizador, por canto o eclipse das particularidades culturais desa civilización milenaria implicaría a destrución da orde actual e a cohesión social. Velaí a importancia de saber xestionar e adaptar a cultura tradicional aos novos retos, a fin de preservar a continuidade do país.

Neste mesmo sentido expresouse Zhang Xinhua na súa obra: “*Sobre a utilización da cultura tradicional para construír unha nova cultura socialista*” ao afirmar que “*un declive da cultura tradicional acostuma acompañar calquera desorde social e a destrución dunha antiga dinastía. A cultura é o pilar espiritual da estrutura política, do sistema económico e das relacións sociais; é a fonte de cohesión social*”. Palabras que, sen dúbida hoxe, adquiren absoluta actualidade.

Así mesmo, e como podemos concluír após observar a particular identificación de Estado e nación na China, a unidade e integridade territorial constitúe a fonte básica de lexitimidade do país. O “*obxectivo sagrado*” que fai absolutamente inconcibible calquera alteración dos seus límites fronteirizos. Velaí a importancia da cuestión das minorías étnicas e os esforzos tenaces e continuados para “*o cumprimento da grande causa de reunificación da Patria*” (Zemin, 1995).

Uns esforzos que, nos últimos anos, están revitalizando unha sorte de “*nacionalismo estatal*” (*guojia minzu zhuyi*) que trata de facer fronte á presión crecente do nacionalismo étnico e a globalización pero que, no entanto, se presenta como unha forma de nacionalismo que defende os intereses do Estado, sendo estes: “*os intereses colectivos de todos os grupos étnicos*” (Li 1995: 10, 13, 14). En definitiva, e como moitos intelectuais definen, poderíamos entender este patriotismo como unha mostra de “*amor e lealdade ao noso unificado (tongyi) e multiétnico Estado socialista*” (Peng 1993: 29). Ou, o que é o mesmo, na continuidade dunha “*misión histórica*” que converte aos seus máximos defensores, desde Qin Shihuang até Sun Yatsen, recordado como o “*pai do país*” (*guo fu*), pasando polos rebeldes Taiping ou dos Boxers, en auténticos patriotas e heroes nacionais.

Desde hai dúas décadas, o Partido Comunista (PCCh) incorporou tamén o irredentismo, entendido como o desexo de recuperar os territorios perdidos, a este nacionalismo patriótico a fin de estender entre a poboación a responsabilidade e a conciencia da chamada “*defensa nacional*” (*guofang*). Aspecto sobre o que, de feito, insiste o último *Libro Branco da Defensa*, publicado en decembro de 2004, onde se subliñan como obxectivos primordiais: impedir calquera intento de separación ou división, promover a reunificación, protexer e resistir ante posibles ameazas, e defender

tanto a soberanía como a integridade territorial. Porque, como afirmou Deng Xiaoping en 1982: “*a soberanía non é materia de discusión*” (Zhang 1997:14).

Trátase, sen dúbida, dun nacionalismo que nace ao tempo que o “xigante” se espreguiza, como resultado da consciencia da súa propia fortaleza, e baixo a susceptibilidade de ser utilizado como instrumento de control da súa política doméstica durante períodos de transición ou ameazas. Ameazas que, como temos visto até o día de hoxe, non son unicamente de natureza foránea senón tamén interna. Tendo presente esta retórica nacionalista, resultarían facilmente comprensibles, polo tanto, as reaccións en Beijing ante comunicados como o que recentemente emitían, dun xeito conxunto, Estados Unidos e Xapón, no que incluían como preocupación de interese mutuo a cuestión de Taiwán. Ou tamén o éxito editorial e a difusión de títulos como “*China Can Say No*”, onde se denuncia a conspiración internacional para menoscabar o territorio chino e se reitera a existencia da gran “*gran familia china*” (Song 1996: 40).

Nunha enquisa realizada en 1998 a 126 estudantes universitarios de Beijing, obtivéronse respostas tales como: “*a China debe recuperar os territorios perdidos durante as Guerras do Opio*”, “*o Tibet non pode ser independente porque é parte da China*”, ou incluso “*Taiwán debe ser reunificada co continente e, se for necesario, mediante o uso da forza*”.

É evidente, como destacaba Peter Sugar, que “*non existe ningún recanto do mundo onde os dirixentes non utilicen constantemente todos os medios para promover o nacionalismo, a lealdade ao Estado*” (Sugar 1981: 69). ¿Mais que ocorre cando ese nacionalismo se basea máis nunha aspiración que nunha realidade social?, ¿que acontece a partir do momento en que dito nacionalismo considera que a nación que defende é Han, e non a comunidade plurinacional que representa? Ou máis aínda, que esa nación pretendidamente unificada é o resultado da asimilación á cultura china dos “non pertencentes” á etnia Han.

A noción de individuo Han (*hanren*) remóntase aos descendentes da dinastía Han (202-220 a.C.), coetánea ao Imperio Romano. Non obstante, a acepción Han como nacionalidade (*han minzu*) é completamente un concepto moderno nado ao tempo que o Estado-nación na China, é dicir, a principios do século XX. As dificultades e limitacións que a creación dunha consciencia étnica propiamente china, encontraban a nivel de clans e comunidades era, sen dúbida, un escollo que impedía a unificación da China e o seu ascenso como Estado-nación no seu sentido moderno. Foi Sun Yat-Sen, quen popularizou a idea dos “*Cinco Pobos da China*”: unha maioría Han, que coexistía cos Manchús, Mongois, Tibetanos e Hui (termo que incluía a todos os musulmáns da China, como Uigures, Kazajos, Hui, etc). Deste modo, tratábase de mobilizar a todos os pobos para dar forma a un Estado unificado e multiétnico (*duo minzu de guojia*).

Algúns autores, como Dikotter defenden que a base da nación Han é fundamentalmente racial (1992), aínda que a grande maioría tende a ver nisto unha construción de carácter estratéxico e nacionalista (Gladney 1994), isto é, dirixida a garantir a seguridade nacional en base ao concepto de “pobo nacional”. Un pobo maioritario

que conviviría cunha reducida porcentaxe de minorías que tamén comungarían nese mesmo obxectivo de salvagardar a unidade do Estado-nación. Nos anos trinta, o PCCh incorporou aos Han dentro da ideoloxía marxista, como adañal do progreso, o desenvolvemento e a unidade da civilización china. En definitiva, á vangarda da revolución popular. Así, mentres as minorías eran chamadas retrasadas e primitivas, a maioría Han representaba a prosperidade e a civilización necesarias para guarecer o concerto dos pobos.

Non obstante, nos últimos anos demostrouse que a aparente homoxeneidade entre os Han non é tal. No comezo do noso comentario xa o sinalábamos, mesmo a diversidade de linguas existentes unicamente entre os Han (Mandarín, Wu, Yue, Xiang, Hakka, Gan, Min Norte e Min Sur), provoca, en moitas ocasións, a inintelixibilidade e incompreensión entre eles. Non debemos sorprendernos, entón, de que ademais das minorías oficiais recoñecidas, se estea desenvolvendo un crecente proceso de aseveración, por parte dos diversos grupos incluídos como Han. A presión dos Cantonese, os Halar ou ben os Fujianese sobre o goberno para que este recoñeza as súas particularidades e diferenzas étnicas, é cada vez máis férrea, o cal comporta aínda unha ameaza maior á unidade nacional do país, por canto os Han constitúen as columnas mesmas do edificio do Estado-nación.

Un Estado multiétnico (*duo minzu*)

A República Popular da China defínese como un país unificado multiétnico (*duo minzu de guojia*), constituído por 56 nacionalidades: cunha maioría Han e 55 grupos étnicos, relativamente exiguos, cualificados de “*minorías nacionais*” (Fei 1981:20).

Mais, que se entende en realidade por “*minoría nacional*”? O Goberno chino mantén o enunciado elaborado por Stalin en 1913, segundo o cal unha nacionalidade sería “*unha comunidade estable de persoas, constituída historicamente e formada sobre a base dunha lingua común, un territorio, unha vida económica e un carácter psicolóxico manifesto nunha cultura común*” (1953: 307). Non obstante, esta definición implica importantes déficits, non podendo ser aplicada, dun modo pleno, a grupos como os Hui, por exemplo, cun territorio que se encontra disperso por todo o país; os Manchús, que apenas manteñen a súa propia lingua ou, máis aínda, os Hakka, que a pesar das súas particularidades culturais, lingüísticas e sociais, non son recoñecidos propiamente como unha “*nacionalidade*”, senón como parte integrante dos Han. Calcúlase que, canto menos, 750.000 persoas permanecen “*sen identificar*” e que, arredor de 350 grupos, son identificados como Han debido a motivos políticos.

O pasado mes de febreiro o Goberno facía público o Libro Branco sobre “*Autonomía Rexional para as Minorías étnicas na China*”, onde se confirmaba que a poboación minoritaria representa unha porcentaxe de 8,41% do total da poboación, mentres que os Han abarcarían o resto, aproximadamente un 91%.

Xeralmente, as minorías acostuman localizarse (ver Cadro nº 1) nos bordes fronteirizos, como os Mongois ou os Uigures no norte, e os Zhuang, Yi e Bai, no límite sudoeste. No entanto, unha extensa maioría encóntrase diseminada polo país. Practicamente o 64% do territorio da RPC aloxa a moitos destes grupos, polo que resulta sinxelo descubrir minorías étnicas en cada unha das provincias e rexións (ver Cadro nº 2).

Anteriormente xa advertimos que o impacto da globalización non soamente foi crucial sobre o sentimento nacionalista Han, senón tamén entre as minorías étnicas, tanto na China como en Occidente. Pese a que o crecente fenómeno da globalización non ten por que ser impregnado como substituto das particularidades culturais de cada pobo, e moito menos da súa identidade, o certo é que a inmersión nun océano impersoal e tremendamente heteroxéneo, tende a impeler a contestación por parte daqueles grupos que ven ameazada a súa existencia.

Mais, no caso chinó, non é unicamente a globalización o que alimenta a consciencia étnica propia das súas xentes. Algúns autores como Lynn White demostraron que a etiqueta política, iniciada na década dos cincuenta, ademais de facilitar o control estatal, inspirou a creación dunha identidade étnica, dunha consciencia de grupo. Unha consciencia que, á súa vez, se beneficia dos canais abertos pola globalización: acceso a redes de información, medios de comunicación, maior mobilidade internacional... para artellar as súas aspiracións e estendelas alén das súas fronteiras, fortalecendo, ao mesmo tempo, as relacións de parentesco con outros países. Sería o caso dos tibetanos, uigures, kazajos ou mongois, cunhas diásporas que, nos últimos vinte anos, trasladaron as súas condicións á comunidade internacional no seu conxunto.

No entanto, tamén é certo que o impacto da globalización sobre as minorías étnicas na China, non pode facerse extensivo aos 55 grupos recoñecidos. Como pode comprobarse no Cadro nº 1, a súa diferente localización implica que naquelas áreas menos desenvolvidas, escasamente urbanizadas, ou cun ínfimo acceso ao capital e servizos estranxeiros, os efectos colaterais da globalización foron practicamente imperceptibles, nutriendo así esa consciencia étnica á que nos referíamos con anterioridade.

Cal é a política actual do Goberno chinó cara ás minorías nacionais? Cal é a súa actitude ante as aspiracións independentistas dalgúns grupos? Como trata de facer fronte á crecente consciencia étnica das minorías? A base primixenia da política da RPC sobre as minorías, poderíamos remontala até setembro de 1949, momento no que se adopta unha Constitución provisional que recibe o nome de: “*Programa Común*”, e na cal se ponderan, como principios fundamentais, a “*unidade e igualdade*” entre os diferentes grupos.

Neste sentido, o artigo 50 afirma:

“Todas as nacionalidades no interior das fronteiras da República Popular da China son iguais. Estas deberían establecer a unidade e a axuda mutua entre si e opórense ao imperialismo e aos seus propios inimigos, de tal modo que a República

Cadro 1. Distribución e poboación das minorías na China

Minoría	Poboación	Principais áreas de residencia	Localización
Zhuang	16.178.811	Guanxi, Yunnan, Guangdong	S
Manchú	10.682.262	Liaoning, Hebei, Hwilongjiang, Jilin, Mongolia Interior, Beijing	NE
Hui	9.816.805	Ningxia, Gansu, Henan, Xinjiang, Qinhai, Yunnan	NO, toda China
Miao	8.940.116	Guizhou, Hunan, Yunnan, Guangxi, Chongqing, Hubei, Sichuan	SO
Uygur	8.399.393	Xinjiang	NO
Yi	7.762.272	Yunnan, Sichuan, Guizhou	SO
Tujia	8.028.133	Hunan, Hubei, Chongqing, Guizhou	Centro
Mongol	5.813.947	Mongolia Interior, Liaoning, Jilin, Hebei, Heilongjiang, Xinjiang	N
Tibetana	5.416.021	Tibet, Qinghai, Sichuan, Gansu, Yunnan	O
Bouyei	2.971.460	Guizhou	SO
Dong	2.960.293	Guizhou, Hunan, Guangxi	Centro, S
Yao	2.637.421	Guangxi, Hunan, Yunnan, Guangdong	S, SO
Coreana	1.923.842	Jilin, Heilongjiang, Liaoning	NE
Bai	1.858.063	Yunnan, Guizhou, Hunan	SO
Hani	1.439.673	Yunnan	SO
Kazaka	1.250.458	Xinjiang	NO
Li	1.247.814	Hainan	SE
Dai	1.158.989	Yunnan	SO
She	709.592	Fujian, Zhejiang, Jiangxi, Guangdong	SE
Lisu	634.912	Yunnan, Sichuan	SO
Gelo	579.357	Guizhou	S
Dongxiang	513.805	Gansu, Xinjiang	NO
Latu	453.705	Yunnan	SO
Shui	406.902	Guizhou, Guangxi	S
Va	396.610	Yunnan	SO
Naxi	308.839	Yunnan	SO
Qiang	306.072	Sichuan	O
Tu	241.198	Qinghai, Gansu	NO
Mulam	207.352	Guangxi	S
Sibe	188.824	Liaoning, Xinjiang	NE, NO
Kirgiza	160.823	Xinjiang	NO
Daur	132.394	Mongolia Interior, Heilongjiang	NE
Jingpo	132.143	Yunnan	SO
Maonan	107.166	Guangxi	S
Salar	104.503	Qinghai	NO
Blang	91.882	Yunnan	SO
Tajika	41.028	Xinjiang	NO
Achang	33.936	Yunnan	SO
Primi	33.600	Yunnan	SO
Ewenki	30.505	Mongolia Interior	N
Nu	28.759	Yunnan	SO
Gin	22.517	Guangxi	S
Juno	20.899	Yunnan	SO
De'ang	17.935	Yunnan	SO
Bonan	16.505	Gansu	NO
Rusa	15.609	Xinjiang, Heilongjiang	NO, NE
Yugur	13.719	Gansu	NO
Uzbeka	12.370	Xinjiang	NO
Moinba	8.923	Tibet	O
Oroqen	8.196	Heilongjiang, Mongolia Interior	NE
Drung	7.426	Yunnan	SO
Tártara	4.890	Xinjiang	NO
Gaoshan	4.461	En Taiwán. 400.000 en total. Taiwan, Fujian	SE
Hezhen	4.640	Heilongjiang	NE
Lhoba	2.965	Tibet	O

Fonte: Elaboración propia. Datos, 2001.

Cadro 2. Rexións autónomas, 2005

Rexión autónoma	Data de creación	Capital	Área	Poboación	Proporción da minoría étnica no conxunto da poboación (%)
Mongolia Interior	1 de maio 1947	Hohhot	1.197.547	23.796	21,25
Guangxi Zhuang	15 de marzo 1958	Nanning	237.693	48.570	38,17
Tibet	1 de setembro 1965	Lhasa	1.247.910	2.592	95,93
Ningxia Hui	25 de outubro 1958	Yinchuan	62.818	5.801	35,52
Xinjiang Uygur	1 de outubro 1955	Urumqi	1.655.826	19.339	60,13

Fonte: Information Office of the State Council (2005), Regional Autonomy for Ethnic Minorities in China, Beijing.

Popular da China dará a benvida a unha grande familia fraternal e cooperativa, composta por todas estas nacionalidades. Os actos de discriminación, opresión e división da unidade estarán prohibidos”.

Así mesmo, no artigo 53 recoñecía a “*liberdade para desenvolver os seus dialectos e linguas e preservar as súas tradicións, costumes e crenzas relixiosas*”.

O período da Revolución Cultural supuxo, sen dúbida, anos de ostracismo e alienación das estruturas étnicas tradicionais, que o propio Deng Xiaoping tratou de resarcir unha vez asumido o liderado do país, se ben é certo que os fundamentos do pensamento oficial permaneceron indelebles. A pesar disto, e a raíz do V Congreso Nacional (NPC), celebrado en marzo de 1978, si se comezou a observar un cambio nas formas ou unha nova actitude cara ás minorías.

O restabelecemento dun sistema legal nos anos 80, cunha máxima expresión que é a Constitución de 1982, iría dirixido nesta mesma dirección. De feito, no seu artigo 4, a Carta Magna condena calquera acto discriminatorio contra as nacionalidades étnicas por inducir á secesión e enervar a unidade nacional. Preocupación que tamén aparecería reflectida, a comezos da década dos 80, no editorial do *People's Daily* (15 de xullo de 1980), onde se comenta que o problema étnico na China debería ser disipado pola vía do fortalecemento das autonomías rexionais e a eliminación gradual das desigualdades políticas, económicas e culturais entre as nacionalidades.

Nos derradeiros anos podemos observar unha continuidade de “*políticas preferenciais*” (*youhui zhengce*) tales como o recoñecemento de maiores cotas de acceso á educación superior, trato preferencial para determinado tipo de empregos, investimentos económicos, medidas especiais dirixidas a paliar a pobreza nas áreas máis subdesenvolvidas... Ou, sen dúbida, a máis importante por canto está impulsando o crecemento demográfico das minorías étnicas en detrimento dos Han: a exención da política do “*fillo único*”, introducida polo Goberno nos anos 70. Así, mentres a poboación Han creceu un total dun 10% entre 1982 e 1990, entre as minorías púidose contemplar un crecemento aproximado do 35%. Segundo datos do censo, o número de persoas pertencente a grupos étnicos aumentou de 91 millóns no ano 1990, a 104 millóns no censo elaborado no 2000.

Non soamente a dispensa desta medida explica o incremento da poboación entre as minorías nacionais. En conxunto, as “*políticas preferenciais*” que, desde 1980, aproba o Goberno a favor destas, está inspirando a un maior número de persoas para rexistrárense durante este tempo, como membros de grupos étnicos, mesmo nos casos de matrimonios mixtos, é dicir entre un Han e unha persoa pertencente a unha minoría, os seus fillos acostuman ser rexistrados baixo a nacionalidade minoritaria. Un instrumento que, ademais, é garante da pervivencia das particularidades culturais deses grupos.

Hoxe, a preservación e fomento deste tipo de axudas por parte do PCCh cara ás minorías, posúe unha motivación “*reactiva*” e “*proactiva*”, como destacaron algúns autores (Mackerras 2003:37):

1) En primeiro lugar poderíamos falar dunha “*motivación reactiva*”, en canto a que o Goberno trata así de protexerse das constantes imputacións por violación de dereitos humanos realizadas por minorías como os Tíbetanos, e as numerosas presións internacionais, especialmente de países como Estados Unidos, que se erixen como principais portavoces e valedores destes grupos.

Sen dúbida, un dos discursos cardinais da globalización é a súa defensa, en principio, dos dereitos humanos. A intervención da OTAN en Cosova para pór fin á limpeza étnica levada a cabo polos serbios, ou a de Nacións Unidas a fin de restaurar a orde en Timor Leste, confirmaron o compromiso dos Estados en evitar calquera tipo de atropelo dos dereitos fundamentais das persoas, xustificando até a contravención do principio de soberanía nacional e escusando a inxerencia sobre o país infractor, en nome dunha causa maior.

Na China, o chamado “*Efecto Cosova*” foi recibido con gran inquietude. Durante a celebración da *Central Ethnic Work Conference* (setembro-outubro, 1999) tanto Jiang Zemin como Zhu Rongji, recentemente nomeado primeiro ministro, expresaron a necesidade de dispensar un tratamento máis adecuado ao tema das minorías étnicas, debido ao temor de que se puidese xustificar unha intervención estranxeira pola súa xestión do problema.

Unha das primeiras consecuencias deste “*desenvolvemento reactivo*” foi a adopción, en febreiro de 2001 dunha versión emendada da *Lei sobre Autonomía Rexional Nacional* (1984), na cal se promove o fortalecemento das autonomías rexionais. Neste sentido, o artigo 20 reconece, mesmo, a capacidade dos gobernos autónomos de non aplicar aquelas instrucións estatais que non se adapten á particular autonomía da área. Os esforzos por exhibir e exteriorizar a especial deferencia do PCCh ante as minorías étnicas advírtese tamén no texto do *Libro Branco sobre os progresos na protección dos Dereitos Humanos durante o ano 2004*, publicado o pasado 13 de abril.

Neste texto destácase como “*tanto a cidadanía do grupo étnico Han, como a cidadanía das minorías étnicas, gozan por igual dos dereitos recoñecidos á cidadanía china na Constitución e na lei. Aínda que os segundos gozan, ademais, dunha serie de dereitos especiais conforme á súa condición de minoría étnica*”. En base a isto subliña o desenvolvemento de máis de 60 proxectos, cun investimento de 850 billóns de iuáns, para a mellora dos transportes, enerxía, educación e saúde pública na rexión occidental do país. Apuntando, por exemplo, o abastecemento gratuíto de textos de libros ao 83% das escolas infantís en Xinjiang, Tibet, Ningxia ou Qinghai, e as facilidades en alimentación e aloxamento nas áreas pastorais do Tibet, co fin de evitar o absentismo escolar.

2) En segundo lugar mencionamos tamén a “*motivación de carácter pro-activo*”, impulsada por factores puramente internos que teñen que ver coa continuidade do crecemento económico na China. Deste modo, a retórica ideolóxica e nacionalista tamén implicaría consideracións de carácter práctico como a atracción de capitais foráneos e o desenvolvemento de infraestruturas e instalacións

modernas para a extracción de recursos enerxéticos, indispensables para a tal continuidade, e que precisamente se localizan en moitas das áreas de residencia das minorías. Sería o caso, por exemplo, de Xinjiang ou as zonas limítrofes no Mar da China, onde existe unha abundancia de reservas de gas, fuel e outros recursos refinados.

Non obstante, e alén das consideracións económicas, esta “*motivación pro-activa*” descansaría sobre razóns de carácter estratéxico. Un país economicamente máis integrado e cuns estándares de vida en continuo ascenso para o conxunto da poboación, sen excepción é, sen dúbida, un dos principais recursos para conter as aspiracións independentistas ou os actos de rebelión dalgúns grupos. Ou, polo menos, para evitar que a violencia continúe alimentándose.

Como constatamos, produciuse unha mudanza substancial nos últimos anos. Con todo, os auténticos fundamentos do pensamento oficial na China permanecen incommovibles e indelebles durante este tempo. Tales bases serían: 1) Por unha parte, a imposibilidade de chegar a alterar o estatus dalgún dos territorios que tecen o mosaico dese Estado unificado e multiétnico que é a RPC. 2) E, por outra, esforzarse en ofrecer unha solución ao problema das nacionalidades étnicas, a través dun desenvolvemento económico e cultural, tutelado pola etnia Han.

En definitiva, poderíamos observar como o espazo conferido ao etnonacionalismo sería menor que o recoñecido formalmente, manténdose até o día de hoxe unha sorte de “*esencialismo Han*”, como defenden algúns autores (Gladney 1994), que impide o verdadeiro exercicio do autogoberno e a aserción das súas propias particularidades por parte das minorías étnicas.

Así, por exemplo, a política de “*autogoberno*”, que a versión emendada da *Lei sobre Autonomía Rexional Nacional* (2001) veu consolidar, e que en principio implicaría a ostentación por parte dun membro pertencente a unha minoría relevante do liderado do goberno local, o control sobre o orzamento, a capacidade para practicar a súa lingua tanto no ámbito privado como público, a promoción da cultura étnica, así como o exercicio das súas crenzas relixiosas, en realidade segue enfrontándose a numerosas restricións. Sen dúbida, a principal ten que ver coa propia defensa da unidade e integridade do país, aspiración que desde tempos imperiais, pasando pola República, até chegar ao actual socialismo con particularidades chinas, constitúe a columna vertebral do poder.

Conclusiones

Como un conxunto de boias que trata de permanecer unido ante o embate de ventos e ondas do norte e do sur, a China esfórzase en seguir resistindo ás inexorables forzas da globalización e o nacionalismo étnico. Poderíamos adiviñar no escenario soviético de 1991, un prefacio para a evolución do “xigante asiático” xa espertado? Poderá a China seguir mantendo a unidade nacional mentres transita cara unha diná-

mica de globalización e integración internacional? Serán veraces os prognósticos que advirten do xurdimento de cincuenta novos Estados durante o próximo século?

Hoxe a realidade tórnase contra a mesma historia dos últimos anos, posto que trala retrocesión de Hong Kong (1997) e Macau (1999), podemos afirmar que a China é o único país no mundo que, en vez de reducir o seu territorio, está a expandilo. Non obstante, igual de certo é que, como contraste á política anti-étnica dos anos 50 baseada na homoxeneización e asimilación á maioría Han, duns vinte anos a esta parte, estamos presenciando un renacemento imparabile do “étnico”. Baste para isto observar algún dos sitios de moda da capital china, Beijing. Os *hot-pot* de Mongolia, os *noodles* musulmáns, as barbacoas coreanas... proliferan por toda a cidade, e as roupas, xoias, artigos decorativos e estilos culturais das minorías comezan a inundar moitos dos seus fogares.

É evidente, polo tanto, que a globalización a nivel étnico e cultural non está sendo a forza homoxeneizadora que se esperaba e, polo contrario, está convertendo en area as pétreas bases que sosteían o edificio da soberanía e integridade nacional desde 1648. Cando esta corrente treboenta se une, ademais, ás dun crecemento económico acelerado que afonda as disparidades sociais e o desemprego, así como o entorno medioambiental. Cando a revolución tecnolóxica e mediática aviva as chamadas dunha transformación tamén a nivel político e ideolóxico, ao tempo que socava os principios tradicionais que mantiveron unida unha civilización. Entón, si poderemos comprender o sentimento e a preocupación desa “boia” que, azoutada por diversas correntes, ve perder o seu rumbo e a súa propia integridade.

O fin de século chegaba á China, pois, co ceo completamente encapotado. A desmembración da Unión Soviética e a aparición de nacións novas nas súas fronteiras, o chamado “Efecto Cosova”, a crecente ramificación do islamismo radical no sueste asiático, as presións internacionais en defensa de certas minorías como a tibetana... E un ano, 1999, no que a nivel doméstico se rexistraron arredor de 30 incidentes relacionados co uso de artefactos explosivos na rexión de Xinjiang e as reclamacións dun “Turquestán independente”, eran cada vez maiores, ofrecían un horizonte absolutamente desalentador.

No entanto, e apenas un ano e medio despois, a terra no seu conxunto era sacudida e parte do escuro ceo que cubría a China despexábase daquelas nubes que desafiaban con virar area as bases do Estado-nación. As previsións de autores como Scholte, que defendían a pronta inoperancia do corpo normativo de Westfalia nun escenario de globalización crecente ficaban, deste modo, superadas polos acontecementos. O 11-S non só redefinía a rede de relacións entre os países: a RPC pasaba, así, de “*competidor estratéxico*” a “*camarada*” (*tongzhi*) a “*socio fundamental*” de Estados Unidos, senón que, e o máis importante, reconstruía as bases do edificio dos Estados e cubríaas dun sólido formigón.

Desde ese instante estamos presenciando un crecente fortalecemento do poder estatal, unha tendencia a nivel global da que, evidentemente, a China non se atopa á marxe. Moi ao contrario, a chamada “*loita contra o terrorismo*” e a indeterminación ou vaguida-

de do mesmo termo de terrorismo, pode axudar ao goberno a resistir e facer fronte aos diversos movementos de carácter independentista que ameazan a integridade e continuidade do país. De feito, ao pouco tempo de producirse a caída das Torres Xemelgas en Nova York, o PCCh rapidamente denunciaba a presenza de al-Qaeda na rexión de Xinjiang e a súa implicación en incidentes violentos como os de 1999.

Aparte do caso dos uigures e a súas actividades secesionistas, a China anunciou que no seu territorio existen outras dúas fontes principais de terrorismo: Tíbet e Taiwán. Categoricamente é impensable que a comunidade internacional acepte unha acción unilateral por parte da China para deter as “*supostas actividades terroristas*” na rexión dos Lamas ou na “*illa fermosa*”, como bautizaron os navegantes portugueses a Taiwán no século XIV. Non obstante, é preciso ter presente o cambio de *stage* que se produciu nos derradeiros anos.

A curto e medio prazo, é previsible que, mentres observa con atención o decorrer de situacións similares noutros países, incluída España e a cuestión das Autonomías, a China continúe coa súa política actual. Unha política na que a RPCh se erixe como o mesmo Jano, deus do comezo e dos tránsitos. Mentres cunha faciana trata de avanzar no respecto dos dereitos humanos e as diferenzas étnicas, na suavización das disparidades económicas entre os diversos grupos, na incorporación destes á locomotora do progreso.. co outro rostro, móstrase implacable e inflexible ante calquera desafío do statu quo.

Dúas facianas dun mesmo “*xigante*” que xa espertou e que terá que gobernar con certo sentido a súa nave se desexa resistir ás ondas da globalización e o nacionalismo étnico, e seguir guiándose polas mesmas cartas de navegación que durante anos garantiron a “integridade” da súa viaxe. Acabar sendo preso como o xigante Gulliver das súas minorías, dependerá de que faciana sexa a que, finalmente, acabe gobernando a nave.

Natalia Gómez Collado é licenciada en Ciencias Políticas pola
Universidade Complutense de Madrid.

Bibliografía

- AUBIN, F. (1990): *Une Chine Multinationale*, en BERGERE, M.C.: *La Chine au XX^e siècle*, Fayard.
- CHAO, Yuen Ren (1976): *Aspects of Chinese Sociolinguistics*, Stanford, Stanford University Press.
- DIKOTTER, Frank (1992): *The discourse of race in modern China*, Stanford, Stanford University Press.
- FEI XIATONG (1981): *Ethnic Identification in China*, en *Toward a People's Anthropology*, New World Press, Beijing China.
- FITZGERALD, John (1999): *El estado sin nación. La búsqueda de la nación en el nacionalismo chino moderno*, en UNGER, Jonathan, *Nacionalismo chino*, Bellaterra, Barcelona.
- GLADNEY, Dru (1996): *Muslim Chinese: Ethnic Nationalism in the People's Republic*, Cambridge, Harvard University Press; (1994): *Representing Nationality in China: Refiguring Majority/minority Identities*, en *The Journal of Asian Studies*, vol 53, nº 1.
- HERBERER, T. (1989): *China and its national minorities*, M.E, Sharpe.
- GELLNER, Ernest (1983): *Nations and nationalism*, Cornell University Press, Ithaca.
- HSIA CHANG, Maria (2001): *Return of the Dragon. China's Wounded Nationalism*, Westview Press, Colorado.
- JIANG YINGLIAN (1990): *History of the Chinese People*, National publisher, Beijing.
- JIANG ZEMIN (1995): *Discurso para la Reunificación de la Patria*, Xinhua, Beijing.
- LI XING (1995): *On the concept of state-nationalism*, en *Nationality Studies*, nº 4, Beijing.
- MACKERRAS, Colin (2003): *China's Ethnic Minorities and Globalisation*, RoutledgeCurzon, London; (1994): *China's Minorities, Integration and Modernization in the Twentieth Century*, Oxford University Press, Hong Kong.
- NEWBY, Laura (2000): *Las minorías nacionales*, en FISAC, T. e TSANG, S., *China en transición: sociedad, cultura, política y economía*, Bellaterra, Barcelona.
- PENG YINGMING (1993): *A reconsideration of the meaning of the national question*, en *Nationality Studies*, nº 1, Beijing.
- SONG QIANG (1996): *China Can Say No*, Beijing: Chinese Industry and Commerce.
- STUART, Hall (1992): *The Question of Cultural Identity*, en STUART, Hall, HELD, David e SCHOLTE, Jan Aart (1997): *The Globalization of World Politics*, en BAYLIS, John e SMITH, Steve: *The Globalization of World Politics: An Introduction to International Relations*, Oxford University Press, Oxford.
- STALIN, J.V (1953): *Marxism and the National Question*, Works, vol II, Foreign Language Publishing House, Moscow.
- SUGAR, Peter (1981): *From Ethnicity to Nationalism and Back Again*, en *Nationalism: Essays in Honor of Louis L. Synder*, Greenwood Press, Westport.
- TONY MCGREW, *Modernity and Its Futures*, Polity Press, Cambridge.

UNGER, Jonathan (1999): *Nacionalismo chino*, Bellaterra, Barcelona.

ZHANG HAIPENG (1997): *Important points concerning modern China's glory and shame*, Guofang, nº 7.

Revistas e publicacións

Chen Wen, *Self-Governance*, Beijing Review (feb).

China Daily, publicado en Beijing.

China News Digest (CND).

Information Office of China's State Council (2005), *Regional Autonomy for Ethnic Minorities in China*, Xinhua, febreiro.

People's Daily, Beijing.